

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E IGUALDADE

- 3485** *Real decreto 101/2019, do 1 de marzo, polo que se modifican o Real decreto 1130/2003, do 5 de setembro, polo que se regula o réxime retributivo do corpo de secretarios xudiciais, así como o Real decreto 2033/2009, do 30 de decembro, polo que se determinan os postos tipo adscritos ao corpo de secretarios xudiciais para efectos do complemento xeral de posto, a asignación inicial do complemento específico e as retribucións por substitucións que impliquen o desempeño conxunto doutra función.*

Con data do 15 de setembro de 2003 publicouse no «Boletín Oficial del Estado» o Real decreto 1130/2003, do 5 de setembro, polo que se regula o réxime retributivo do corpo de secretarios xudiciais, que se adecuaba aos principios e conceptos retributivos recollidos na Lei 15/2003, do 26 de maio, reguladora do réxime retributivo das carreiras xudicial e fiscal. Coa dita reforma tratábase de articular un sistema retributivo que fomentase a formación, o rendemento e a asunción de responsabilidades.

Por outra parte, a Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, introduciu a regulación da nova oficina xudicial, onde a figura do daquela secretario xudicial, hoxe letrado da Administración de xustiza, adquire particular relevancia, atribuíndolle novas funcións procesuais e asignándolle responsabilidades de coordinación coas administracións públicas competentes en materia de xustiza. O desenvolvemento desta nova oficina xudicial propiciou a reforma do réxime retributivo do corpo de secretarios xudiciais, que quedou plasmada no Real decreto 2033/2009, do 30 de decembro, polo que se determinan os postos tipo adscritos ao corpo de secretarios xudiciais para efectos do complemento xeral de posto, a asignación inicial do complemento específico e as retribucións por substitucións que impliquen o desempeño conxunto doutra función.

A Lei orgánica 8/2012, do 27 de decembro, de medidas de eficiencia orzamentaria na Administración de xustiza, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, foi o instrumento a través do cal se pretendeu, por unha banda, diminuír o gasto público reducindo a xustiza interina a supostos excepcionais e, por outra, posibilitar que a maioría das substitucións sexan cubertas por xuíces, maxistrados, avogados fiscais e fiscais a cambio dunha retribución actualizada, elevando deste xeito os niveis de profesionalización.

Esta mesma liña é a que se debe seguir no caso concreto dos letrados da Administración de xustiza, de forma que as funcións de substitución se poidan levar a cabo de acordo co principio de proporcionalidade retributiva, buscando igualmente o máximo equilibrio entre a conxuntura económica actual e a dignidade da función que se retribúe. Consecuencia diso é que a normativa correspondente ás retribucións derivadas da realización das substitucións que impliquen o desempeño conxunto doutra función coa que é propia do órgano de que se é titular ou a participación en programas concretos de actuación se debe axustar á realidade da situación profesional dos letrados da Administración de xustiza e ao establecido nos artigos 451 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, e 128 do Regulamento orgánico do corpo de secretarios xudiciais, aprobado polo Real decreto 1608/2005, do 30 de decembro, onde se recolle de forma prioritaria a substitución por letrados da Administración de xustiza profesionais.

E, de igual maneira, recóllense determinadas situacións ás cales, a diferenza da regulación anterior, se lles recoñece retribución, como ocorre coas substitucións inferiores a dez días, sempre e cando se deba realizar calquera dilixencia que exixa a intervención do letrado da Administración de xustiza ou se orixinen por ausencia do titular enfermo.

Os principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, fundan este real decreto.

De conformidade cos principios de necesidade e eficacia, este real decreto é instrumento adecuado para os fins de garantir a profesionalidade na cobertura das prazas, ao tempo que minora o custo de conxunto das suplencias e substitucións. A cobertura da praza mediante integrantes do corpo superior xurídico de letrados da Administración de xustiza garante a calidade, uniformidade e homoxeneidade na prestación do servizo público. A iso únese a previsión de redución do custo económico conxunto das substitucións de letrados da Administración de xustiza, ao diminuír considerablemente o recurso a letrados non pertencentes ao corpo.

En virtude do principio de proporcionalidade, esta iniciativa minimiza o seu impacto á breve reforma dos preceptos imprescindibles relativos ao sistema de suplencias e substitucións no corpo de letrados da Administración de xustiza, e á súa retribución. Con iso, a medida devén idónea para conseguir os fins perseguidos e non supón maior carga de obrigacións nin restrición en dereitos.

Garántese o principio de seguridade xurídica na medida en que, como se indicou, o presente real decreto é coherente co marco normativo das substitucións entre xuíces, maxistrados, avogados fiscais e fiscais.

En aplicación do principio de transparencia, déuselles participación activa, mediante informes e audiencias, ao Consello Xeral do Poder Xudicial, ao Consello do Secretariado, ás organizacións sindicais máis representativas e ás asociacións profesionais de letrados da Administración de xustiza.

En aplicación do principio de eficiencia, simplifícase a tramitación administrativa da suplencia e redúcense os supostos de substitucións externas.

As substitucións entre integrantes do corpo de letrados da Administración de xustiza garanten a profesionalidade na cobertura da praza, ben que, para evitar que a excesiva carga de traballo que podería derivar da xestión simultánea de dous órganos xudiciais prexudique a medio prazo a prestación do servizo, se establece un límite temporal máximo de 180 días de efectividade da medida.

Para o caso de substitucións que se prevexa que se deban prolongar por maiores períodos de tempo, garántese a adecuada calidade do servizo mediante o nomeamento de letrados da Administración de xustiza substitutos, dentro dos cales teñen preferencia os integrantes do corpo de xestión procesual e administrativa, polo que se cumpre sobradamente a finalidade de profesionalizar as substitucións cando non exista letrado titular nunha praza, como demostrou o extraordinario labor desenvolvido neste aspecto durante os últimos anos. Esta medida repercute tamén no seu beneficio, posto que o feito de que con frecuencia sexan chamados para realizar substitucións por breves períodos de tempo prexudica tanto a súa función no órgano de orixe como as súas expectativas de desempeño do posto de letrado da Administración de xustiza, mentres que a nova regulación lles garante maior estabilidade no nomeamento.

Tamén se actualiza a regulación dos plans concretos de actuación aplicables a este colectivo, prevendo unhas retribucións máis axustadas aos labores que se van realizar. Dada a vocación de permanencia do Real decreto 2033/2009, do 30 de decembro, fronte á transitoriedade do réxime retributivo do Real decreto 1130/2003, do 5 de setembro, considérase máis oportuno incluír no primeiro a regulación xeral establecendo nunha disposición transitoria a equivalencia para aqueles órganos xudiciais en que aínda non é aplicable o réxime retributivo das oficinas xudiciais.

Na súa virtude, por proposta das ministras de Xustiza e de Facenda, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 1 de marzo de 2019,

DISPOÑO:

Artigo primeiro. *Modificación do Real decreto 1130/2003, do 5 de setembro, polo que se regula o réxime retributivo do corpo de secretarios xudiciais.*

O Real decreto 1130/2003, do 5 de setembro, polo que se regula o réxime retributivo do corpo de secretarios xudiciais, queda modificado como segue:

Un. Modifícanse os números 3, 4 e 5 do artigo 10, que quedan redactados nos seguintes termos:

«3. En concepto de substitución que implique desempeño conxunto de todas as funcións propias dun posto de letrado da Administración de xustiza no mesmo ou distinto órgano, ademais do que sexa titular, terase dereito a unha retribución que se determinará mediante orde da ministra de Xustiza e será, como máximo, igual ao 80% do complemento de destino correspondente á praza cuxa substitución se realice.

Para efectos do cómputo anterior non se terá en conta o complemento de destino por circunstancias especiais referido no anexo II.3.

A retribución por substitución devindicarase na parte proporcional aos días efectivos de substitución.

4. Sen prexuízo do establecido na disposición adicional novena, as substitucións motivadas por vacación retribuída, sexa ou non época de verán, non darán dereito a percibir retribucións polo concepto a que se refire este artigo.

Tampouco devindicarán tal dereito as substitucións que non superen dez días, salvo que o substituto deba realizar calquera actuación ou dilixencia xudicial que exixa a súa presenza ante as partes ou a súa intervención como fedatario público en vistas e sinalamentos, circunstancias todas elas que deberán ser acreditadas para xerar o dereito á súa devindicación. Nestes supostos, só se aboarán as substitucións correspondentes aos días en que efectivamente se realizasen ou se interviñese nas actuacións sinaladas, incluídos os dez primeiros días.

En caso de que a substitución se prolongue por máis de dez días, o dereito á percepción estenderase desde o seu inicio.

As substitucións que teñan a súa orixe en enfermidade xustificada do titular tamén se aboarán desde o primeiro día, con independencia das actuacións que se leven a cabo.

5. As retribucións previstas neste artigo devindicaranse logo de certificación do secretario coordinador da provincia respectiva ou, de ser o caso, do secretario de Goberno, dentro das dispoñibilidades orzamentarias anuais.»

Dous. Engádese a seguinte disposición adicional oitava, co seguinte contido:

«Disposición adicional oitava. *Cláusula de limitación orzamentaria.*

Non se poderán realizar chamamentos para unha substitución de letrado da Administración de xustiza ou nomeamento de letrado substituto sen a correspondente dispoñibilidade orzamentaria.»

Tres. Engádese unha disposición adicional novena, co seguinte contido:

«Disposición adicional novena. *Habilitación.*

Mediante orde do Ministerio de Xustiza, de haber dispoñibilidade orzamentaria que o permita, poderanse establecer as circunstancias e condicións que permitan a aplicación do artigo 10 a aquelas substitucións excluídas de retribución en virtude do previsto no seu número 4, sempre que por circunstancias excepcionais, e logo de informe favorable do secretario de Goberno correspondente, implicasen unha singular carga de traballo para o substituto.»

Catro. Engádesse unha disposición adicional décima, co seguinte contido:

«Disposición adicional décima. *Duración das substitucións.*

As substitucións non voluntarias non deberán ter unha duración continuada superior aos 10 días, sen prexuízo de que en todo caso dean dereito á retribución correspondente de concorreren os presupostos que para iso recolle o número 4 do artigo 10 deste real decreto.

As substitucións voluntarias retribuídas non poderán ter unha duración, mesmo en días alternos, superior aos cento oitenta días ao ano e non darán dereito a retribución aquelas que superen tal límite.»

Artigo segundo. *Modificación do Real decreto 2033/2009, do 30 de decembro, polo que se determinan os postos tipo adscritos ao corpo de secretarios xudiciais para efectos de complemento xeral de posto, a asignación inicial do complemento específico e as retribucións por substitucións que impliquen o desempeño conxunto doutra función.*

O Real decreto 2033/2009, do 30 de decembro, polo que se determinan os postos tipo adscritos ao corpo de secretarios xudiciais para efectos de complemento xeral de posto, a asignación inicial do complemento específico e as retribucións por substitucións que impliquen o desempeño conxunto doutra función, queda modificado como segue:

Un. Modifícase o artigo 5, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 5. *Retribucións por substitucións que implican o desempeño conxunto doutra función.*

1. En concepto de substitución que implique desempeño conxunto de todas as funcións propias dun posto de letrado da Administración de xustiza na mesma ou distinta oficina xudicial, ademais das que sexa titular, terase dereito a unha retribución cuxa contía se fixa no anexo VI, en función do tipo de posto e en relación co grupo de poboación e cos niveis de clasificación establecidos nos anexos I e IV, dos previstos no artigo 2 deste real decreto, cuxa substitución se realice.

Estas contías devindicaranse, de ser o caso, na parte proporcional aos días efectivos de substitución.

2. Sen prexuízo do establecido na disposición adicional quinta, as substitucións motivadas por vacación retribuída, sexa ou non época de verán, non darán dereito á devindicación de retribucións polo concepto a que se refire este artigo.

Tampouco devindicarán tal dereito as substitucións que non superen dez días, salvo que o substituto deba realizar calquera actuación ou dilixencia xudicial que exixa a súa presenza ante as partes ou a súa intervención como fedatario público en vistas e sinalamentos, circunstancias todas elas que deberán ser acreditadas para xeraren o dereito á súa devindicación. Nestes supostos, só se aboarán as substitucións correspondentes aos días en que, efectivamente se realizasen ou se interviñese nas actuacións sinaladas.

En caso de que a substitución se prolongue por máis de dez días, o dereito á percepción estenderase desde o seu inicio.

As substitucións que teñan a súa orixe en enfermidade xustificada do titular tamén se aboarán desde o primeiro día, con independencia das actuacións que se leven a cabo.

3. As retribucións previstas neste artigo devindicaranse logo de certificación do secretario coordinador da provincia respectiva ou, de ser o caso, do secretario de Goberno, dentro das dispoñibilidades orzamentarias anuais.»

Dous. Engádesse un novo artigo 6, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 6. *Programas de actuación por obxectivos.*

Polo cumprimento de obxectivos establecidos nos programas concretos de actuación que determine o órgano directivo competente do Ministerio de Xustiza, sen exoneración das funcións propias do seu posto, os funcionarios do corpo de letrados da Administración de xustiza aos cales lles resulta de aplicación este real decreto percibirán unha retribución que consistirá nunha porcentaxe da contía máxima fixada no anexo VI deste real decreto, segundo o tipo de posto dos previstos no artigo 2 deste mesmo real decreto, algunha de cuxas funcións se asumen con ocasión da participación no programa concreto. A dita porcentaxe devindicarase en función do traballo que se desempeñe no citado posto e dos obxectivos cumpridos. As retribucións previstas neste artigo non serán fixas na súa contía nin periódicas na súa devindicación.

Estes programas determinaranse de forma obxectiva, dentro das dispoñibilidades orzamentarias.

Os programas de actuación por obxectivos deberán facer referencia aos seguintes aspectos:

- a) O ámbito de aplicación, que permitirá identificar os membros do corpo superior xurídico de letrados da Administración de xustiza que se poidan acoller ao réxime retributivo.
- b) A duración, con determinación das datas de inicio e conclusión.
- c) Os obxectivos establecidos.
- d) A contía que deben percibir os participantes.

A concreción das contías corresponderá ao órgano directivo competente do Ministerio de Xustiza e a súa acreditación en nómina exixirá, unha vez finalizado o programa, certificación da participación do funcionario na consecución dos obxectivos propostos polo secretario coordinador da provincia respectiva ou, de ser o caso, do secretario de Goberno.»

Tres. Engádesse a seguinte disposición adicional cuarta, co seguinte contido:

«Disposición adicional cuarta. *Cláusula de limitación orzamentaria.*

Non se poderán realizar chamamentos para unha substitución de letrado da Administración de xustiza ou nomeamento de letrado da Administración de xustiza substituto sen a correspondente dispoñibilidade orzamentaria.»

Catro. Engádesse a seguinte disposición adicional quinta, co seguinte contido:

«Disposición adicional quinta. *Habilitación.*

Mediante orde do Ministerio de Xustiza, de haber dispoñibilidade orzamentaria que o permita, poderanse establecer as circunstancias e condicións que permitan a aplicación do artigo 5 a aquelas substitucións excluídas de retribución en virtude do previsto no seu número 2, sempre que, por circunstancias excepcionais e logo de informe favorable do secretario de Goberno correspondente, implicasen unha singular carga de traballo para o substituto.»

Cinco. Engádesse unha disposición adicional sexta, co seguinte contido:

«Disposición adicional sexta. *Duración das substitucións.*

As substitucións non voluntarias non deberán ter unha duración continuada superior aos 10 días, sen prexuízo de que en todo caso dean dereito á retribución

correspondente de concorreren os presupostos que para iso recolle o número 2 do artigo 5 deste real decreto.

As substitucións voluntarias retribuídas non poderán ter unha duración, mesmo en días alternos, superior aos cento oitenta días ao ano e non darán dereito a retribución aquelas que superen tal límite.»

Seis. Engádesse a seguinte disposición transitoria cuarta, co seguinte contido:

«Disposición transitoria cuarta. *Participación en produtividade por plans concretos de actuación de letrados da Administración de xustiza aos cales resulte de aplicación o Real decreto 1130/2003, do 5 de setembro, polo que se regula o réxime retributivo do corpo de secretarios xudiciais.*

Os funcionarios do corpo de letrados da Administración de xustiza cuxas retribucións complementarias se regulen conforme o Real decreto 1130/2003, do 5 de setembro, polo que se regula o réxime retributivo do corpo de secretarios xudiciais, que participen nos plans concretos de actuación previstos no artigo 6 deste real decreto, percibirán un máximo do 80 % do complemento de destino da praza algunha de cuxas funcións asuman, con exclusión do complemento de destino por circunstancias especiais.»

Sete. Engádesse un novo anexo VI, co seguinte contido:

«ANEXO VI

Contías máximas das retribucións por substitucións: artigo 5.1 Contías anuais

Postos de traballo	Postos dos tipos I e II	Postos dos tipos III e IV	Postos do tipo V
Secretario de Goberno	27.719,52	25.512,12	
Secretario coordinador provincial.	25.094,16	22.886,76	
Letrado da Administración de xustiza (letrado A.X.), director do Servizo Común de Ordenación do Procedemento/Servizo Común de Execución	23.278,08	20.755,44	17.606,28
Letrado da Administración de xustiza, director do Servizo Común Xeral.	22.677,96	20.155,32	17.006,16
Letrado da Administración de xustiza, director do Servizo Común Procesual Único.		18.054,96	14.905,80
Letrado A.X. da Unidade Procesual de Apoio Directo con funcións compartidas no Servizo Común de Ordenación Procedemento/Servizo Común de Execución	20.974,44	18.451,80	15.302,64
Letrado A.X. da Unidade Procesual de Apoio Directo con funcións compartidas no Servizo Común Xeral	20.674,32	18.151,68	15.002,64
Letrado A.X., xefe de sección do Servizo Común de Ordenación do Procedemento/Servizo Común de Execución.	20.877,60	18.354,96	15.205,80
Letrado A.X., xefe de sección do Servizo Común Xeral.	20.577,60	18.054,96	14.905,80
Letrado A.X., xefe de equipo do Servizo Común de Ordenación do Procedemento/Servizo Común de Execución.	20.277,60	17.754,96	14.605,80
Letrado A.X., xefe de equipo do Servizo Común Xeral	19.977,48	17.454,84	14.305,68
Letrado A.X. do Servizo Común Procesual (sen xefatura).	19.735,44	17.212,68	14.063,64
Letrado A.X. do Servizo Común Procesual Único (sen xefatura).	18.177,12	15.654,48	12.505,32
Letrado A.X. da Unidade Procesual de Apoio Directo de Órganos Colexiados	17.939,16	15.416,40	12.267,36
Letrado A.X. da Unidade Procesual de Apoio Directo de Órganos Unipersoais e en partidos xudiciais cun único Xulgado de Primeira Instancia e Instrución	17.793,96	15.271,32	12.122,16»

Disposición derogatoria única.

Queda derogado o número tres do artigo 7 do Real decreto 1130/2003, do 5 de setembro, polo que se regula o réxime retributivo do corpo de secretarios xudiciais.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 1 de marzo de 2019.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
Relacións coas Cortes e Igualdade,
CARMEN CALVO POYATO